

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.1. Normas aprobadas

1.1.1.3. Normas complementarias e acordos interpretativos do Regulamento. Normas de funcionamento das comisións non permanentes

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de outubro de 2015, polo que aproban as Normas reguladoras do Rexistro de Intereses da Cámara

Por Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 8 de xuño de 1994 aprobáronse as Normas reguladoras do Rexistro de Intereses da Cámara e modelos de declaración de actividades e bens, tanto iniciais como modificativos ou complementarios (BOPG núm. 101, do 4 de agosto de 1994), en cumprimento do disposto no artigo 15.3 do Regulamento da Cámara.

Por Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia do 3 de agosto de 2015 (BOPG núm. 502, do 6 de agosto de 2015 e DOG núm. 162, do 26 de agosto de 2015), déuselles unha nova redacción con forza de lei ás alíneas 1, 2 e 3 e engadíronse dúas novas alíneas, a 4 e a 5, ao artigo 15 do seu Regulamento. A modificación no referido ao contido mínimo das declaracións de bens e dereitos e á publicidade de todas as declaracións no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* en no Portal de transparencia da Cámara, require a aprobación dunhas novas normas que regulen o citado rexistro.

A Mesa da Cámara, na súa reunión do 20 de outubro de 2015, logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces da mesma data e ao abeiro do disposto no artigo 30.1.1ª do Regulamento do Parlamento de Galicia, dispón:

Artigo 1. *Obxecto*

Estas normas teñen por obxecto regular o Rexistro de intereses da Cámara, en cumprimento do establecido no artigo 15 do Regulamento do Parlamento de Galicia, segundo a redacción dada polo Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia do 3 de agosto de 2015.

Artigo 2. *Contido*

Incorporaranse ao Rexistro de Intereses os expedientes individualizados das deputadas e dos deputados pertencentes a cada lexislatura do Parlamento de Galicia.

Cada expediente individualizado deberá conter:

- a) Declaración de actividades e cargos que poidan constituír causa de incompatibilidade, así como de calquera actividade e cargos que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos.
- b) Declaración de bens e dereitos.
- c) Declaracións modificativas.
- d) Declaración posterior á perda da condición de deputada ou deputado.
- e) Resolucións do Pleno en materia de incompatibilidades e os datos sobre actividades das deputadas e dos deputados que sexan remitidos pola Comisión do Estatuto dos Deputados e non consten previamente no Rexistro de Intereses.

Artigo 3. *Dependencia do Rexistro de Intereses*

O Rexistro de Intereses estará baixo a dependencia directa da Presidencia da Cámara e a custodia corresponderalle á Oficialía Maior do Parlamento de Galicia.

Artigo 4. *Acceso ao Rexistro de Intereses*

O contido das declaracións de actividades, de bens e dereitos, das declaracións modificativas así como das subseguintes á perda da condición de deputada ou deputado será público, a través do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e do Portal de transparencia da Cámara, agás aqueles datos referentes á localización dos bens inmobles e mais aqueloutros que a Mesa acorde omitir para salvagardar a privacidade e a seguridade dos seus titulares.

Artigo 5. *Forma e prazo de presentación*

1. As declaracións de actividades, de bens e dereitos, as declaracións modificativas así como as subseguintes á perda da condición de deputada ou deputado, deberanse presentar no Rexistro da Cámara nos termos previstos no artigo 15 do Regulamento do Parlamento de Galicia e conforme os modelos oficiais elaborados e aprobados pola Mesa do Parlamento.

2. As declaracións deberanse cubrir con ordenador no modelo PDF interactivo que facilitará a Administración do Parlamento de Galicia. Non se admitirán declaracións cubertas á man.

3. As declaracións de actividades e de bens e dereitos deberanse presentar no momento da entrega da credencial acreditativa da condición de deputada ou deputado electo ou antes de se celebrar a sesión constitutiva da lexislatura ou daquela na que poida acadar a condición plena de deputada ou deputado.

Artigo 6. *Obrigatoriedade*

A achega dos documentos exixidos para a formación do Rexistro de Intereses configúrase como un deber das deputadas e dos deputados e un requisito para a adquisición da súa condición plena nos termos previstos no artigo 15.2 do Regulamento da Cámara e deberase cumprir tamén dentro dos trinta días naturais seguintes á perda da dita condición.

No caso de incumprimento, haberá que averse ao disposto no artigo 7.2 do Regulamento da Cámara.

Disposición adicional única. *Aprobación dos modelos de declaración*

Apróbanse os modelos de declaración de actividades e de bens e dereitos que figuran nos anexos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas as Normas reguladoras do Rexistro de Intereses da Cámara e modelos de declaración de actividades e bens, tanto iniciais coma modificativos ou complementarios, aprobadas polo Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 8 de xuño de 1994 (BOPG núm. 101, do 4 de agosto de 1994).

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Estas normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2015

Pilar Rojo Nogueira
Presidenta

Anexo I
DECLARACIÓN DE ACTIVIDADES

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL:

DATA DE PROCLAMACIÓN:

(Indíquese a data en que foi proclamado/a deputado/a pola xunta electoral correspondente)

DATA DA PRESENTACIÓN DA CREDENCIAL NO REXISTRO DA CÁMARA:

TIPO DE DECLARACIÓN:

Orixinaria **Modificativa** **Por cesamento na condición de deputado/a**

(Marque a casa que proceda)

En cumprimento do disposto no artigo 6.7 da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia, no artigo 15 do Regulamento da Cámara e nas Normas reguladoras do seu Rexistro de Intereses (BOPG núm. 540, do 22.10.2015), formulo a seguinte

DECLARACIÓN DE ACTIVIDADESⁱ

I. CARGOS OU EMPREGOS PÚBLICOS

1. Cargos públicos

Desde a data en que fun proclamado/a deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia desempeñe os seguintes cargos:

(Marque o recadro se procede e especifique o cargo que desempeña co maior detalle posible).

Polo desempeño dos ditos cargos,

non percibo ningunha retribución, axuda de custo, indemnización ou asistencia.

percibo unha retribución.

percibo axudas de custo, indemnizacións ou asistencias.

(Marque o que proceda)

Desde a data en que fun proclamado/a deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia non desempeñe ningún cargo público.

(Marque o recadro se procede).

2. Emprego público ou servizo en calquera institución pública ou Administración pública

Desde a data en que fun proclamado/a deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia non desempeñe ningún emprego público nin preste servizos en ningunha institución pública ou Administración pública.

(Marque o recadro se procede).

Desde a data en que fun proclamado deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia desempeñe un emprego público ou preste servizos nunha institución pública ou Administración pública.

(Marque o recadro se procede e especifique a administración ou institución públicas e o tipo de relación con ela. No caso de desempeñe dun emprego público, concrete se solicitou o pase á situación administrativa ou laboral correspondente).

II. ACTIVIDADES PRIVADAS

1. Actividade privada por conta allea

Desde a data en que fun proclamado/a deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia non desempeñe ningunha actividade privada por conta allea.

(Marque o recadro se procede).

Desde a data en que fun proclamado deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia desempeñe unha actividade privada por conta allea.

(Marque o recadro se procede e especifique: a natureza da actividade, o nome e o obxecto social da empresa na que presta servizos e, se é o caso, a relación que esta mantén co sector público).

2. Actividade privada por conta propia

Desde a data en que fun proclamado/a deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia non desempeñe ningunha actividade privada por conta propia.

(Marque o recadro se procede).

Desde a data en que fun proclamado deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia desempeñe unha actividade privada por conta propia.

(Marque o recadro se procede e especifique: a natureza da actividade, o nome e o obxecto social da empresa e, se é o caso, a relación que esta empresa mantén co sector público).

III. INGRESOS PROCEDENTES DO SECTOR PÚBLICO

Desde a data en que fun proclamado/a deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia non percibo ingresos do sector público.

(Marque o recadro se procede).

Desde a data en que fun proclamado deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia percibo ingresos do sector público.

(Marque o recadro se procede e especifique o tipo de ingreso, incluídas as pensións de dereitos pasivos ou da Seguridade Social e consigne o nome da entidade pagadora e a causa que xustifica o pagamento).

IV. OUTRAS ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS

Desde a data en que fun proclamado/a deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia non realizo ningunha actividade que me proporcione ou me poida proporcionar ingresos económicos.

(Marque o recadro se procede).

Desde a data en que fun proclamado/a deputado/a electo/a do Parlamento de Galicia realizo actividades que me proporcionan ou me poden proporcionar ingresos económicos.

(Marque o recadro se procede e especifique o tipo de actividade e se recibe algunha retribución ou unha compensación por gastos).

Tendo en conta o declarado,

Desexo dedicarme en exclusiva ao cargo de deputado/a do Parlamento de Galicia.

(Marque o recadro se procede).

Desexo desempeñar o cargo de deputado/a do Parlamento de Galicia compatibilizándoo coa seguinte actividade:

(Marque o recadro se procede e especifique a actividade e se por ela vai recibir unha retribución, indemnización, axuda de custo e/ou asistencia).

E para que así conste, asino esta declaración.

Data:

Sinatura:

ⁱ O formulario deberase cubrir con ordenador no modelo PDF interactivo que facilita o Parlamento de Galicia. Non se admitirán declaracións cubertas á man.

Anexo II

DECLARACIÓN DE BENS E DEREITOS*

PRIMEIRO APELIDO:	
SEGUNDO APELIDO:	
NOME:	
ESTADO CIVIL:	RÉXIME ECONÓMICO MATRIMONIAL:
DATA DE PROCLAMACIÓN: <small>(Indíquese a data en que foi proclamado/a deputado/a pola xunta electoral correspondente)</small>	DATA DA PRESENTACIÓN DA CREDENCIAL NA CÁMARA:
CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL POLA QUE FOI ELIXIDO/A	
TIPO DE DECLARACIÓN	<input type="checkbox"/> Orixinaria <input type="checkbox"/> Modificativa <input type="checkbox"/> Por cesamento na condición de deputado/a. <small>(Marque a casa que proceda)</small>

En cumprimento do disposto no artigo 6.7 da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia, no artigo 15 do Regulamento da Cámara e nas Normas reguladoras do seu Rexistro de Intereses (BOPG núm 540, do 22.10.2015), formulo a seguinte

DECLARACIÓN DE BENS E DEREITOS

RENDAS PERCIBIDAS POLO PARLAMENTARIO/PARLAMENTARIA¹		
PROCEDENCIA DAS RENDAS	CONCEPTO	EUROS
Percepcións netas de tipo salarial, soldos, honorarios, aranceis e outras retribucións, calquera que sexa a súa denominación.²		
Dividendos e participación en beneficios de sociedades, comunidades ou entidades de calquera clase.		

¹ As rendas que se deben declarar son as percibidas no exercicio económico anterior á data da declaración.

² Exclúiranse as percepcións recibidas do Parlamento de Galicia, que se atopan xa publicadas na web da Cámara.

Xuros ou rendementos de contas, depósitos e activos financeiros.		
Outras rendas ou percepcións de calquera clase.³		

CANTIDADE PAGADA POR IRPF	€
Indíquese a cota líquida pagada no exercicio anterior á data desta declaración, a saber, o pagamento final, de o haber, máis as retencións. (Casa 732 do modelo IRPF 100)	

BENS PATRIMONIAIS DO PARLAMENTARIO OU DA PARLAMENTARIA					
BENS	Clase e características⁴	Situación⁵	Data de adquisición	Dereito sobre o ben⁶ e Título de adquisición⁷	Valor catastral
Bens inmobles de natureza urbana.					
Bens inmobles de natureza rústica.					
Bens inmobles propiedade dunha sociedade, comunidade ou entidade que non cotiza na Bolsa e da que a persoa declarante ten accións ou participacións.					

³ De ser o caso, débense incluír as percepcións cobradas por plans de pensións.

⁴ Indique se é piso, vivenda, praza de aparcamento, local comercial, nave industrial e máis as características que procedan.

⁵ Indique a provincia onde estea situado o ben. De se tratar de bens radicados no estranxeiro, sinale o país.

⁶ Pleno dominio, núa propiedade, usufruto, dereito de superficie, privativo, ganancial, en comunidade de bens, etc.

⁷ Compravenda, herdanza, doazón, etc.

DEPÓSITOS EN CONTAS CORRENTES OU DE AFORRO, CONTAS FINANCEIRAS E OUTROS TIPOS DE IMPOSICIÓNS⁸	SALDO⁹ DE TODOS OS DEPÓSITOS (€)

OUTROS BENS OU DEREITOS		
CLASE DE BEN OU DEREITO	DESCRIPCIÓN DO BEN OU DEREITO (Indique o sistema que se utilizou para a súa valoración diñeraria)	VALOR (€)¹⁰
Débeda pública, obrigas, bonos, certificados de depósito, obrigas de pagamento e demais valores equivalentes. Accións e participacións en todo tipo de sociedades, entidades con valor económico e cooperativas. Participacións en fondos de investimento		
Sociedades participadas en máis dun 5 % por outras sociedades ou entidades que sexan propiedade, en todo ou en parte, do parlamentario ou da parlamentaria declarante.		

VEHÍCULOS, EMBARCACIÓNS E AERONAVES	
Data de adquisición	DESCRIPCIÓN¹¹

⁸ Indique a clase de depósito sen necesidade de sinalar a entidade bancaria.

⁹ O saldo debe ser a suma de todos os depósitos de todas as contas. Pódese tomar como referencia o saldo medio das contas correntes durante o ano anterior á declaración, ou o saldo en calquera dos sete días anteriores á declaración ou o saldo no 31 de decembro do exercicio anterior. De tomar como referencia unha das posibilidades, esta débese aplicar a todas as contas.

¹⁰ En bens ou dereitos negociados en mercados organizados débese reflectir o valor de cotización en calquera día hábil dos sesenta días anteriores á data desta declaración e débese así mesmo indicar a data elixida. Nos bens e dereitos non cotizados en mercados organizados débese indicar o nome da sociedade ou entidade e o valor das accións ou participacións segundo o balance anual anterior á data desta declaración. De non haber balance anual anterior á declaración, o valor que hai que declarar debe ser o teórico contable. As participacións en fondos de investimento valoráranse polo seu valor liquidativo ao 31 de decembro.

¹¹ Non indique a matrícula. Débense incluír vehículos, embarcacións ou aeronaves propiedade dunha sociedade que, non cotizando na Bolsa, estea participada dalgún modo pola persoa declarante, sempre que o parlamentario ou a parlamentaria os utilice, aínda que sexa ocasionalmente. Valoráranse segundo os prezos medios de venda aprobados polo Ministerio de Facenda.

OUTROS BENS, RENDAS OU DEREITOS DE CONTIDO ECONÓMICO NON DECLARADOS NAS EPÍGRAFES ANTERIORES	VALOR (€)
---	------------------

DÉBEDAS E OBRIGAS PATRIMONIAIS			
PRÉSTAMOS (DESCRICIÓN E ACREDOR)	DATA DE CONCESIÓN	IMPORTE CONCEDIDO (€)	SALDO¹² PENDENTE (€)
Outras débedas e obrigas derivadas de contratos, sentenzas ou calquera outro título.			

OBSERVACIÓNS

(Que a persoa declarante fai constar para ampliar información que non lle colleu noutras epígrafes desta declaración e para deixar constancia de canto considere conveniente engadir)

E para que así conste, asino esta declaración.

Data:

Sinatura:

¹² Na data do 31 de decembro do exercicio anterior á declaración ou calquera día do mes inmediatamente anterior á data desta declaración.

* O formulario deberase cubrir con ordenador no modelo PDF interactivo que facilita o Parlamento de Galicia. Non se admitirán declaracións cubertas á man.